




DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA


Acta da sesión EXTRAORDINARIA celebrada pola Excma.
CORPORACIÓN PROVINCIAL o 15 de novembro de 2024



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO O 15 DE NOVIEMBRE DE 2024.

Información e actas

1.Explicación sobre o Plan Estratéxico de Subvencións.



Acta da sesión extraordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 15 de novembro de 2024.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 15 de novembro de 2024, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión extraordinaria.

Preside: don Xosé Regueira Varela, presidente en funcións da Corporación Provincial.

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado De La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Natividad de Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avía Veira González	BNG


Excusada:

Dona María Del Mar García Vidal	PSOE
---------------------------------	------

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:06 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



Sra. Secretaria

O único punto da orde do día é a exposición e debate sobre o Plan estratéxico de subvencións aprobado na pasada sesión ordinaria do mes de setembro.

INTERVENCIONS

Sr. Presidente

Antes de dar palabras, desculpar o presidente, que neste momento atópase nunha reunión sobre emerxencias co presidente Rueda e por iso non pode estar aquí.

Na Xunta de Portavoces acordamos un procedemento para desenvolver o Pleno, que xa anticipo que hai unha primeira intervención do grupo propoñente do Pleno de 10 minutos, haberá unha posterior intervención da deputada responsable do Plan estratéxico de subvencións, e logo os portavoces de cada grupo terán 8 minutos para intervir desde o grupo con menor representación ao de con máis representación, e pechará o debate a Presidencia ou en quen delegue.


Pois nada, Partido Popular, por favor.

Sr. Ben Otero

Muchas gracias, señor Regueira, señor presidente.

Conforme a lo acordado en la Junta de Portavoces, dispongo de un tiempo máximo de 10 minutos al exclusivo objeto de precisar las razones que motivan la solicitud del Pleno. En realidad deberían ser ustedes, las diputadas y diputados que dan sustento al Gobierno, quienes explicasen el porqué de este Pleno extraordinario, puesto que han sido ustedes quienes han dado pie a la celebración del mismo. Y es que este Pleno se celebra por su culpa, sí, sí, por su culpa y al mismo tiempo a su pesar. Y tan a su pesar que el Pleno ha tenido que ser convocado por mandato de la ley y no porque el Presidente atendiese a nuestra solicitud legítima. Esa previsión, la de la convocatoria automática de un Pleno extraordinario, cuando un presidente de una corporación local se niega a convocarlo, fue introducida en su día hace muchos años por el legislador, a la vista de que había en España alcaldes con un escaso talante democrático y encastillados en la altura de una tribuna inaccesible a las voces de los representantes ciudadanos, parece que el caso del señor Formoso, con el grave matiz de que hoy ni siquiera se presenta en este Pleno. Es de una enorme indignidad democrática que el Presidente se haya negado a convocar un Pleno solicitado por el principal grupo de esta Cámara y que haya tenido que ser convocado al amparo y por el mandato de la ley. Y aún bueno que no ha tenido que ser convocado por mandato judicial, veremos en el futuro cómo derivan estas cuestiones. Y aún es de mayor indignidad democrática que el Presidente ni siquiera comparezca, aunque solo fuera como una especie de don Tancredo.

Señoras y señores diputados, dos son las razones que motivan la solicitud de este Pleno extraordinario, una formal y otra material. La razón formal no es otra que el cuestionable bloqueo acontecido en el pasado Pleno ordinario, de la solicitud de la comparecencia de una diputada del Gobierno a fin de que explicase la tramitación del Plan estratégico de subvenciones. Y hablamos de cuestionable bloqueo de la comparecencia, porque la imprevista exigencia, ya iniciado el Pleno ordinario, de someter esa solicitud a una votación previa sobre la urgencia, no se advirtió en ningún caso en la Junta de Portavoces. Obraron ustedes de mala fe, que es lo contrario de la buena fe o del principio de la confianza legítima, que es lo que se esperaba del hecho de que no




hubieran planteado o advertido tal requisito en la reunión preparatoria. Con su alevoso ardid, pretendían ustedes trasladar el objeto de la votación, pretendían que se votase sobre la urgencia y no sobre la oportunidad o necesidad democrática de que compareciese la diputada requerida.

Respetamos la interpretación del Reglamento que hizo la Secretaria, pero no la compartimos. Y, en todo caso, advertimos de que, con la votación efectuada, el señor González Formoso ha quedado completamente desautorizado en ese Pleno. Y es que el señor Formoso apreció la urgencia al incluir nuestra solicitud en el orden del día, pero finalmente, y en su ausencia, su grupo y sus acólitos la echaron abajo. Sí, sí, el señor Formoso y sus acólitos echaron abajo su orden del día. Su grupo y sus acólitos votaron no al orden del día que el mismo presidente Formoso había elaborado. Ha quedado el Presidente completamente desautorizado, salvo que él mismo hubiese practicado el más burdo cinismo y engaño en la preparación del Pleno de octubre, de tal manera que, aunque el señor Formoso estuviera hoy sentado en esta tribuna a mayor altura, su credibilidad como Presidente ha quedado por los suelos, ha quedado a la altura del betún. En realidad, dada su descortesía, su cobardía y su soberbia, su credibilidad se ha diluido al no presentarse hoy a este Pleno.

Por cierto, que se extrañaba en el Pleno ordinario don Bernardo de que ya tuviésemos preparado el escrito de solicitud de un Pleno extraordinario. ¿Acaso cree, señor Fernández, que somos tan inocentes como para no intuir que, de una manera u otra, con votación previa o con votación de fondo, se iban ustedes a negar a admitir la comparecencia? Ya ven, les salió el tiro por la culata, bien es cierto que la diputada requerida va a dar las explicaciones hoy, pero de una manera completamente no procedente, entendemos nosotros, o que no tiene sentido esto que hemos hecho, no tendría sentido si ella hubiera comparecido el Pleno anterior. Las formas democráticas están ahí, las normas están para que los políticos den cuenta cuando son requeridos por los grupos de la oposición. Y tal como apunta la razón material de este Pleno extraordinario es la necesidad de dar explicaciones sobre la tramitación del Plan estratégico de subvenciones, me remito a las consideraciones y preguntas que formulamos en el escrito inicial de la solicitud de comparecencia.

Hablamos de un documento de enorme transcendencia, tramitado de manera precipitada, sin debate, ni participación pública, ni transparencia, con lagunas graves, con la falta de evaluación del plan anterior, o la escasez o la escasa fiscalización o la ausencia de un informe preceptivo y vinculante. Algunas explicaciones tendrán que dar, creo yo, ¿no lo creen ustedes? Ni siquiera cuando el plan se sometió a este Pleno se tomaron la molestia de compartir alguna reflexión o de ofrecer alguna explicación. Y en este punto debo corregir a don Bernardo, que en el Pleno pasado, con su verbo afilado, verbo capaz de afilar la retórica más falsa o mendaz, nos dijo que deberíamos haber leído los informes y hacer las preguntas en la Comisión Informativa. Mire, don Bernardo, con esa afirmación patinó usted y se cayó y se revolcó en el charco de la propia ignorancia o desconocimiento de los hechos. Y es que malamente podíamos haber leído los informes y hacer las preguntas en la Comisión Informativa, pues el asunto fue introducido con carácter de urgencia en dicha Comisión, remitiéndonos la documentación sin tiempo para estudiarla.

Por otra parte, don Bernardo, las comisiones no son públicas y los ciudadanos tienen derecho a que un asunto de tanta relevancia se explique en un Pleno para que la gente pueda acceder al contenido del mismo. Y también que ha ido chapoteando verbalmente en el charco de la propia ignorancia, decía el señor Fernández que la mayoría de las cuestiones que planteábamos estaban respondidas en la documentación. Se ve que el señor Fernández no ha leído la documentación, o acaso maneje usted



papeles de los que nosotros no tenemos conocimiento. En la documentación, don Bernardo, no se explica el porqué de la tramitación precipitada y la falta de debate y participación pública, no se explica la falta de una imprescindible evaluación del plan anterior, no se justifica la ausencia o limitación de los informes o particularmente no se motiva si hubiera razones de ilegalidad para hacerlo, por qué se siguió adelante con la tramitación plenaria con plena consciencia de que faltaba un informe preceptivo y vinculante. Esto es, no se ofrece un razonamiento alternativo al informe de la Secretaría General que disipe las dudas sobre la ilegalidad de lo aprobado y, consiguientemente, sobre las graves consecuencias que ello pueda generar para el mantenimiento de las subvenciones y para quienes votaron a favor de una tramitación claramente irregular advertida por este grupo.

En fin, ¿tan mala conciencia tienen por lo que han hecho y tanto temor por las consecuencias que se pueden derivar, que prefieren olvidar u ocultar lo realizado? ¿Tan mala conciencia y tanto temor que el presidente ha dado hoy aquí la espantada y en el Pleno anterior también? En su concepción de democracia, ¿cómo se incluye la rendición de cuentas? ¿No le parece al presidente y a sus acólitos que se deben dar algunas explicaciones? ¿Vamos a ser reprendidos o abroncados por algo tan elemental como pedir que se nos explique la cuestionable tramitación del plan estratégico de subvenciones? Miren, la democracia no consiste en votar solo cada 4 años, consiste en dar explicaciones todos los días cuando estas son requeridas. Forma parte esto del juego democrático y así debe ser, y las decisiones de un gobierno se deben motivar, eso es lo que le distingue la legítima discrecionalidad de la ilegítima arbitrariedad. Y la arbitrariedad consiste en hacer lo que a uno le da la gana y uno hace lo que le da la gana cuando ni siquiera explica aquello que hace. Y, en este caso, la necesidad de explicaciones no nace solo de la ausencia de un debate o de una participación pública previa, sino también de las evidencias, de lo que han hecho no se ajusta a las más elementales exigencias de oportunidad y de legalidad.


Y, miren, ¿hoy ustedes nos darán explicaciones y razonarán lo que han hecho o se parapetarán detrás de lo que hacen otros concellos o de lo que hacen otras administraciones y adoptarán el tono razonable que mostraron en el anterior Pleno el señor Penas y la señora Rodríguez cuando fueron interpelados y preguntados por el plan de desbroces o escucharemos gruesas intervenciones de doña Avia y don Bernardo atacando a este partido, a este proponente y a las administraciones en las que gobiernan? Vamos a verlo ahora. Nada más por ahora y muchas gracias.

Sra. García López

Grazas, vicepresidente. Bo día a todos e a todas, deputados e deputadas.

Ben, en primeiro lugar quero, supoño que agradecer ter o honor e a responsabilidade de ser a primeira deputada á que se lle pide unha comparecencia nesta Cámara, así que espero estar á altura.

E, dito isto, gustárame facer unha breve exposición do contexto no que se desenvolve e se vai desenvolver esta temática do PES. O apartado primeiro do artigo 8 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, dispón –e cito literalmente–: "Os órganos das administracións públicas ou calquera ente que propoñan o establecemento de subvencións con carácter previo deberán concretar nun Plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria. As bases reguladoras de cada subvención farán referencia ao Plan estratéxico de subvencións no



que se integran, sinalando de que modo contribúen ao logro dos seus obxectivos. Noutro caso, deberá motivarse por que é necesario establecer a nova subvención, mesmo aínda non sendo prevista no plan e a forma en que afecta ao seu cumprimento".

É importante que reteñan esta disposición porque, abundando nesta obriga, o primeiro parágrafo deste artigo é reproducido pola Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no seu artigo 5, que tamén cito literalmente: "Os órganos da Administración que propoñan o establecemento de subvencións con carácter previo deberán concretar nun Plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria".


Temos clara a nítida obriga legal. Calquera Administración pública que queira desenvolver unha actividade de fomento ten que dispor dun Plan estratéxico de subvencións, unha obriga legal que, dende logo, teñen que cumprir tanto concellos como deputacións. Isto non o afirmo eu, é o propio Tribunal Supremo o que o dispón no artigo 8 da Lei xeral de subvencións, que é un imperativo e categórico.

Saben vostedes cantos concellos da comunidade autónoma dispoñen de plan de estratéxico de subvencións? Pois 31 de 313 que son. Cantas deputacións?, 3, e a única que non conta con el é a Deputación de Pontevedra. E vou deixar a pregunta no aire de cantos concellos dos aquí presentes teñen presentado este Plan estratéxico de subvencións, o panorama creo que non é moi alentador. Obviamente, á vista disto, deste panorama, creo que si poderíamos felicitar a Deputación da Coruña pola súa situación. A Xunta de Galicia, nin todos os innumerables organismos dependentes dela dispoñen de plan de subvencións, e pensen que aquí incluimos todas as consellerías, que son auténticos gigantes de convocatorias de subvencións.

Paso a dar resposta ás cuestións que se me formulaban na miña comparecencia.

A cuestión primeira era por que se tramitou o sometemento a Pleno de setembro do plan, sen contar cun informe preceptivo e vinculante. Ben, quero facer unha observación previa que, á vista da normativa de aplicación sobre a tramitación de plans estratéxicos de subvención en Galicia, poderíase cuestionar esta afirmación, pois pode considerarse que o artigo 109 punto 1 da Lei 5/1997, da Administración local de Galicia, establece como competencia das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia. E, en todo caso, cando a Lei 5/2014, de medidas urxentes derivada da entrada en vigor da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.3 determina: non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizo obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira establecidos nesta lei. O plan estratéxico 2025-2027 está baseado no plan precedente 2020-2022 e non presenta ningunha competencia nova en Deputación. Sendo así e non existindo o exercicio de competencias novas, parece evidente que o informe de duplicidade non sexa necesario, aínda que esta solicitude de informe foi remitida, de todos os xeitos, a 10 de setembro, é dicir, antes da aprobación do plan, e non se recibiu resposta.

Tamén convén lembrar nesta espera de informes da Xunta, que na tramitación do precedente PES de 2020-2022, tamén foi solicitado informe á Xunta de Galicia e nunca se recibiu resposta na Deputación. O Regulamento executivo 887/2006 da Lei xeral de subvencións, no apartado terceiro do seu preámbulo, concibe os plans estratéxicos como



instrumentos necesarios dirixidos a conectar a política de asignación orzamentaria coa política pública xestionada a través de subvencións, asignándolles un mero carácter programático. Podemos concluír entón que, traendo palabras contidas na doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo, e referíndose aos plans estratéxicos non como disposicións regulamentarias nin tan sequera de carácter orgánico, senón como verdadeiros estudos documentais con propostas de medios para lograr determinados fins ou políticas públicas. Considerar que os informes emitidos pola Secretaría Xeral e pola Intervención Xeral conclúen a súa conformidade coa proposta da unidade xestora.

O segundo apartado, que por que non se favoreceu un debate político sobre o concreto contido do plan, como dicía antes, este plan concíbese como un instrumento de carácter puramente programático, presentouse na correspondente Comisión Informativa e no Pleno do pasado mes de setembro. É certo que a súa tramitación foi acelerada, pero non por agachar ningunha proposta, senón por tratar de cumprir un calendario de coordinación con todas as axudas provinciais. Este plan, ademais, é un documento activo, aberto a cambios e en calquera momento calquera grupo provincial pode presentar as propostas que considere oportunas en canto ás actividades de fomento.

A cuestión terceira era por que, con independencia de que xuridicamente sexa ou non obrigado, non se someteu o plan a un período de participación pública. Como dicía antes, a tramitación destes plans é moi aberta; polo tanto, en calquera momento se pode presentar calquera cuestión, non xeran dereitos de terceiros e a súa eficacia queda condicionada á posta en práctica das liñas reflectidas nel, e que non son máis que decisións programáticas de carácter político. Non deben, pois, encadrarse na categoría de actos administrativos. Conforme o indicado, enténdese non directamente aplicable á tramitación do plan o procedemento administrativo que se aplica para a tramitación de actos administrativos, como dicía antes. Por outra banda, este plan ten certamente unha ampla publicidade, xa que se publica unha vez aprobado no *Boletín Oficial da Provincia*, na sede electrónica provincial, no Portal de transparencia da Deputación e no Sistema Nacional de Publicidade de Axudas Públicas.

E ten estudado o Goberno as consecuencias xurídicas que para a validez das subvencións pode ter o actuado? Ten estudado o Goberno un posible saneamento dos vicios de ilegalidade que concorren na aprobación do plan? Evidentemente, o Plan estratéxico de subvencións 2025-2027 non ten ningún vicio de legalidade. Foi aprobado en Comisión e en Pleno, e conta cos informes de conformidade tanto da Secretaría Xeral como da Intervención Xeral. As observacións recollidas nos devanditos informes están orientadas a mellorar a elaboración do documento, o seu contido e a súa xestión.


Sr. Presidente

Un minuto.

Sra. García López

Vou resumir porque, se non, non me vai dar tempo de rematar a intervención.

E por que non se avaliou o plan precedente? Ben, pois no caso da xestión do Plan estratéxico precedente, a Deputación conta con informes de avaliación internos. Son moi salientables nese sentido as reflexións de Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal ao considerar que os plans estratéxicos configúranse como unha simple compilación das liñas de subvención existentes con carencias e debilidades tanto no seu procedemento como no seu contido, e que existe unha ausencia xeneralizada de sistemas de seguimento e avaliación.



Xa para rematar, no tempo que me queda, dicir que estas ferramentas son claves para unha xestión pública eficiente, que a Deputación da Coruña cumpre e o equipo de goberno cumpre tamén e que presenta o seu Plan estratéxico con moitas propostas que se aproban aquí na Deputación ou nos concellos que indubidablemente poden ser mellorables, tanto na súa forma como no seu contido, pero este plan álzase, en canto á súa forma e contido, sobre a maioría dos que se aproban neste país. Non será o mellor plan, pero si, dende logo, o máis estruturado e o máis claro.

E quero expresar tamén a miña satisfacción como parte política que participa neste plan que calquera persoa da provincia pode ter unha información nítida de tal e como é a actividade de fomento da Deputación, non sei cantas administracións provinciais poderán dicir o mesmo. E, neste sentido, quero, por suposto, agradecer tamén a todos os técnicos e técnicas da Deputación que traballaron neste plan.

Moitas grazas.

Sr. Presidente

Grazas, deputada.

Agora procedemos a darlle a quenda aos portavoces que queiran intervir.

Sra. Veira González


Grazas.

Ben, señor Evaristo, puxo vostede unha expectativa sobre a miña intervención que non sei se darei cumprido. En fin.

No dereito, fálase en moitas ocasións de forma e de fondo. Ben, imos falar da forma, da súa forma e da forma deste asunto. Se o Partido Popular considera que hai un problema de forma no Plan estratéxico de subvencións, as dúbidas resólvense cunha oración moi sinxela. O Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña someteuse a aprobación deste Pleno con todos os informes favorábeis, con todos os informes favorábeis. Con observacións?, si; mais cos informes favorábeis. Saben vostedes, ademais, que o dereito non son as matemáticas, non é unha ciencia exacta, é unha cuestión que se chama opinións xurídicas, e hai informes que se subiron ademais á documentación deste Pleno, informes xurídicos tamén, que determinan que ese informe ao que se agarran como un cravo ardendo e que non existe da Xunta de Galiza, pois que non sería preciso. Xa lle explicaron ademais agora por que.

Se a observación sobre o informe da Xunta de Galiza fose do calado do que vostedes dixeron no pasado Pleno e que nos levou á tan ben guionizada e medida obra de teatro que montaron o outro día, no que insinuaron ademais, e volveuno dicir hoxe, que pola falta do informe da Xunta de Galiza solicitado o 6 de setembro e nunca contestado, perigarían todas as subvencións desta casa e que terían pouco menos que vicio de legalidade, se todo isto fose certo, o Partido Popular non se abstería na aprobación deste plan estratéxico. En todo caso, votaría en contra nese Pleno, non? Eu creo que non hai caso, señoras e señores do Partido Popular.

Pero imos falar do fondo. Se o Partido Popular considera que hai un problema de fondo con que a Deputación teña un Plan estratéxico de subvencións, entendémolo, entendémolo perfectamente, porque aquí o que hai entón é, efectivamente, unha diferenza notábel de modelo e de políticas. Mais vexamos se o Partido Popular ten



lexitimidade política e pode predicar co exemplo. Primeiro exemplo: a Xunta de Galiza, principal institución na que goberna o seu partido, señor Ben. Imposíbel atopar o Plan estratéxico de subvencións da Xunta de Galiza do Goberno galego, cando menos non existe por escrito; pola vía dos feitos sabemos que o Partido Popular na Xunta de Galiza ten un plan en canto ás subvencións perfectamente: o seu plan é sacar subvencións a dedo para cando e para quen lles convén, ou por estrita orde de chegada, e por iso non habería problema se non fose porque o que pasa é que hai algúns ou algunhas que chegan casualmente sempre, sempre antes e a horas intempestivas.

Segundo exemplo, polo que ademais nós consideramos que vostedes non teñen lexitimidade para poñerse tan estupendos canto ao Plan estratéxico de subvencións. Miren, vostedes gobernaron esta casa, vostedes gobernaron a Deputación entre 2011 e 2015, e estaba vixente a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Gobernaban ou non esta casa? Vostedes trouxeron a algún Pleno da Deputación algún Plan estratéxico de subvencións? Non. Vostedes no fondo o problema que teñen é que son contrarios á política de concorrencia, son contrarios a que haxa un Plan estratéxico de subvencións que, por certo, como ben lle dixo a compañeira, é un paraugas onde se recollen todas as liñas. Non é unha normativa xurídica, non é algo que teña que estar a exposición pública e que teña un período de participación, etc., porque é un documento vivo, é un documento vivo, hai que saber tamén un pouco do que se fala.


Como dicía, vostedes, no fondo, son contrarios á política de concorrencia. Demostrárono mentres gobernaron esta casa, e voulle dar datos. Miren, en 2012, cando gobernaban vostedes, o 7,99% dos fondos concedidos por subvención concedéronse por subvención nominativa, sen concorrencia, nin bases iguais para todo o mundo, nin nada que se lle parece. No 2013, o 24% dos fondos públicos concedidos por subvención concedéronse por subvención nominativa, sen concorrencia, nin bases iguais para todo o mundo, nin nada que se lle parece, nin moito menos, como xa dixen, un Plan estratéxico de subvencións. En 2014, o 23,63% dos fondos concedidos por esta Deputación foi por subvención nominativa, sen concorrencia, nin bases iguais para todo o mundo, nin nada que se lle parece. Esta é a súa xestión. Pero imos ir aos datos desde que o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista están na Deputación: 2017 o 6%; 2021 o 3,45 %; en 2023 un 4,7% de todos os fondos concedidos foi por subvención nominativa, ou sexa, anécdota, anécdota. Nada parecido ao que fixeron vostedes.

A gran maioría dos fondos que concedeu a Deputación da Coruña con gobernos do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego foron por concorrencia, e iso está no fondo de toda a rabia que teñen vostedes contra o Plan estratéxico de subvencións. Esa é a nosa xestión.

Sabemos que non comparten o modelo, nin de que exista Plan estratéxico de subvencións, exixencia que, como xa dixen, operaba tamén cando gobernaban vostedes. E tampouco lles gusta, como volvo repetir, que os fondos da Deputación se repartan cunhas bases claras, con transparencia, e que se repartan democraticamente. Iso é o que no fondo lles molesta, por iso cuestionan este Plan estratéxico de subvencións e a súa tramitación. Teñen vostedes un problema co fondo do asunto, e remato. Pero para nós, como Bloque Nacionalista Galego, este reparto de fondos públicos é absolutamente innegociábel como forza que estamos no Goberno da Deputación. Nada máis.


Sr. Fernández Piñeiro

Ben, moi bo día a todos e a todas. A verdade, eu síntome tamén moi orgulloso, como a miña compañeira Rosa Ana, por outro motivo, non?, por ser hoxe o protagonista. Case dedicou máis tempo a falar de min que do propio tema do Pleno, co cal a min



éncheme de orgullo e satisfacción, que diría aquel señor.


A verdade é que case a súa intención eu definiríaa como unha especie de auto sacramental. Ten unha parte teatral, pero moi vinculada a relixión, con esa visión cristiá da culpa da que vostede falaba, con ese dramatismo que lle puxo. E lembrábame a unha frase, a verdade é que non recordo agora de quen era, que dicía que "la esencia del drama está en la confrontación entre los deseos y las limitaciones humanas". E é verdade, porque iso definiría en gran medida a súa intervención e a postura do seu grupo. Primeiro, porque confunden os seus desexos coa realidade; vostedes pretenderían que isto fora un escándalo, que fora unha cousa gravísima que paralizase as subvencións, que pouco máis que isto fora o acabouse desta Deputación, cando é unha cuestión que non ten ningún tipo de relevancia nin importancia, só hai que ver a repercusión que tivo nos medios o teatro que montaron no último Pleno: cero. E despois o tema das limitacións humanas, e volvo ao que vostede me achacou e botou en cara coa Comisión Informativa, de que se non lle deu tempo a ler a información e tal. Pero, mire, este Plan estratéxico de subvencións copia o primeiro Plan estratéxico de subvencións que sacou esta Deputación adiante, que foi no período 2020-2022. Naquel momento, tal e como establece a lei, solicítase ese informe á Xunta de Galicia porque digamos que era un novo sistema e polo tanto, tendo en conta a calidade de novidoso, era obrigatorio solicitalo. A día de hoxe, transcorridos case 5 anos, aínda non temos a resposta da Xunta de Galicia. Se tiveramos esperado pola Xunta de Galicia, pois estaríamos sen Plan estratéxico de subvencións desde o ano 2020. E, se fomos estritos no cumprimento da lei, que non é ninguén, porque me gustaría que levanten a man aos alcaldes e alcaldesas que sentan aquí que teñen aprobado un plan estratéxico de subvencións nos seus concellos, moi ben, un señor Calvelo, dous. Non hai máis, non hai máis. Pero hai máis alcaldes sentados aquí, e alcaldesas; dous, dous de cantos son vostedes aquí?, catorce. Cinco, vale, ben os que sexan. Por iso nós gobernamos e vostedes están na oposición. Dito o cal, aquí só dous alcaldes de todos os que hai aí sentados teñen plan estratéxico, pero non vou a iso, que non se trata de criticalos. A cuestión é, a cuestión é ¿qué es lo que dice la ley? Se fora por vostedes e pola Xunta de Galicia, que non contestou no ano 2020, a día de hoxe non teríamos sacado ningún tipo de subvención. E, se fora a cousa tan dramática como vostede nola pintou no Pleno anterior e tan simplemente dramática como nolo acaba de pintar agora, xa non é que estarían sen subvencións, é que estarían cometendo ilegalidades, terían que devolver os cartos as entidades que foron beneficiarias, e iso non pasa. E por que non pasa?, porque a realidade é a que é, e despois está a que montan vostedes, que nos últimos tempos xa sabemos que o seu partido é moi dado a crear unha realidade paralela que ninguén recoñece, estámolo vendo en multitude de casos que puidemos observar nos últimos días. E chámame a atención, quedei cunha frase que dixó vostede que me gustou moito, que é iso de que o presidente, ben, dixó varias cousas, pero entre elas hai unha que dixó: los políticos tienen que dar cuenta cuando son requeridos por los grupos de la oposición. E que o digan vostedes coa Comisión de Investigación no Parlamento de Galicia, que non aceptaron ningún dos requirimentos de comparecencia que fixeron os grupos da oposición. Pódello dicir vostede ao señor Rueda, que é o seu xefe, ou ao señor Diego Calvo, que é máis jefe todavía, porque entendo que é o responsable provincial e vostede é o número 2, podíallo trasladar. É verdade que nesta exposición que fixo vostede, que ten un punto de bipolaridade, no que vostede fai a exposición do seu grupo e despois di o que imos dicir os demais. Entón, como xa di o que van dicir os demais e sabe vostede do feble da súa postura, xa intenta acoutar por onde poidamos ir, e di: no, me conteste usted con otros ayuntamientos, ni con otras administraciones, ni con lo que hace mi partido. Bueno, é máis fácil que diga vostede: contésteme usted lo que quiero, porque así acabamos antes. Claro que lle teño que sacar as contradicións do seu partido, pero non só na Xunta, como esta que acabo de poñer de manifesto, e díxoo vostede mesmo. Podereillo trasladar aos seus compañeiros, que sepan que su responsable de la



Diputación entende que el señor Feijóo debería comparecer en el Parlamento de Galicia, puesto que lo ha requerido la oposición, algo que nos aplica a nós aquí. Pero, máis alá diso, é curiosa toda esa exposición que nos fixo aquí tan dramática para un tema que ten a relevancia que ten, e para un tema que ademais xa hai un informe no expediente, como ben comentou a portavoz do departamento, da unidade xestora, onde explica que aquí non se pon en marcha ningún novo servizo e polo tanto é de aplicación o establecido na lexislación vixente de que non é necesario, nin preceptivo, nin vinculante, ese informe que vostedes solicitan. E ademais non sei se tivo oportunidade de velo, pasoulle como na Comisión Informativa, hai dous informes tamén xurídicos que acreditan que, sendo así, non é necesario. Pois iso é o que aplicou esta Deputación. Pero, en todo caso, todo parte de que a Xunta de Galicia leva 5 anos sen contestar. Menos mal que a Asesoría Xurídica da Deputación, hai 5 anos, tivo a ben aplicar o criterio dese artigo, se non me equivoco, creo que é o 80 da Lei de procedemento administrativo, que establece que, se en 10 días non contestan, se dá por favorable, porque, se non, 5 anos despois teríamos paralizadas todas as subvencións nesta Deputación provincial. E esa é a cuestión. Por iso digo que vostedes non fan ben o seu traballo, e por iso digo esa frase que dixen antes que remataba co tema das limitacións humanas. E é verdade, hai unha limitación na capacidade de traballo do seu grupo, polo menos no compromiso; capacidade si que llela presumo. O que lles presumo, desde logo, o que teño claro é que non hai vontade de traballar moito. Porque nesa comisión que din vostedes descoñecer informacións xa a tiñan de 4 anos antes. Era tan fácil... Home, non sacamos 27 plans estratéxicos ao mes, este é o segundo desde que estamos aquí gobernando. E, por certo, é o segundo desde que estamos gobernando e o primeiro nesta Deputación, a pesar de que a lei que obriga a telo é de 2003. Vostedes gobernaron aquí un cantos anos, non tiveron tempo a sacalo, como moitos concellos, incluído o de Santiago, onde ademais un dos seus asesores actualmente na Deputación, que foi voceiro e foi concelleiro co señor Agustín Hernández, tampouco tivo tempo mentres gobernou para facer ese Plan estratéxico de subvencións, que a día de hoxe segue sen facerse.

Polo tanto, claro, consejos vendo que para mí no tengo. Se aquí xa nos coñecemos todos, home. O problema é que, claro, veñen vostedes montar aquí estas feiras, como a que montaron o último día, e despois saen todos contentos pensando que fixeron algo espectacular e non ten ningún tipo de repercusión porque, sabe por que?, porque non lle importa a ninguén. Porque o que realmente lle importa á xente nesta provincia é ao que se dedica este Goberno, que é a mellorar o reparto de recursos públicos aos concellos para que poidan garantir a prestación de servizos e infraestruturas, que é axudalos a través de subvencións, que é apoiar os concellos e o tecido empresarial para xerar emprego, que é apoiar os autónomos, que é apoiar os servizos sociais para poder colaborar e atender as persoas dependentes, etc. E a iso é ao que nos dedicamos nosoutros, que é o que lle importa á xente. Por iso o que fan vostedes non ten ningún tipo de repercusión máis alá de engordar os seus egos, imaxino, e seguramente que nin o de todos, porque a algúns impórtalles bastante pouco este tema, tendo en conta que nos seus concellos tampouco aplican. Por tanto, sería importante que fixeran vostedes unha reflexión, porque para un pleno que poden convocar nun ano convocalo para isto, a verdade é que é triste.

E que diga vostede: el presidente no comparece, es una cosa democrática... Mire, o presidente non está aquí porque su jefe, que tamén é presidente, lo ha convocado para ir a las 12.15 a una reunión. Non sei, quero pensar, porque non creo que estean tan coordinados, que teña algo que ver con que vostede diga: convócalo porque así no va al Pleno y podemos decir que no está, tendo en conta que vostede na Xunta de Voceiros, estaba tan interesado en que tivera que ser si ou si o presidente o que lle contestara hoxe, xa me dirá por que; se a vostede o que lle interesa é coñecer a verdade sobre o expediente, daralle igual, porque vostede na Xunta de Portavoces insistía, y cierra el



presidente. Si, e tivemos unha discusión sobre o tema; é máis, tivo que coller a señora secretaria o ROF para explicarlle a vostede que non era obrigatorio que pechara a quenda de intervencións o presidente da Deputación, a pesar de que vostede insistía e poñía como exemplo o Concello de Santiago no que vostede é concelleiro, non poñíao para o tema do plan estratéxico...

Dito o cal, ben pois eu lamento que para un tema que está tan claro que non hai ningún tipo de problema e que xurde, ademais, en tal caso da ausencia dunha resposta por parte da Administración que gobernan vostedes, pois convoquemos un Pleno extraordinario que dende logo ninguén lles obrigou a convocalo. O que se dixo no último Pleno é que as respostas ás súas preguntas xa estaban no informe, era cuestión de lelo. Nada máis, moitas grazas. E, se non, dirixirse ao servizo, que os poden atender, ademais cónstame que encantados, para darlle resposta ás súas inquiredanzas.

Moitas grazas, moi amables.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.


Vamos a ver, esto hubiera sido muy sencillo. Lo que ha respondido doña Rosa Ana lo podía haber respondido en el anterior Pleno y podíamos estar de acuerdo con ella o no, pero no hubiera tenido ningún tipo de necesidad de estar hoy aquí.

Aquí, que quede claro, nadie de este grupo cuestiona el Plan estratégico de subvenciones, esa no es la cuestión; es más, nosotros pedimos la elaboración del Plan estratégico de subvenciones cuando no se había elaborado aquí, una iniciativa de este grupo político. En consecuencia, claro, se pueden decir muchas cosas, pero la cuestión es ¿por qué tardaron tanto en redactar este plan? Y, lo que es peor de todo, es una copia exacta del anterior. Oiga, esto es una tomadura de pelo.

Si realmente no es necesario el informe de la Xunta de Galicia, ¿por qué lo solicitan? Es que ustedes mismos caen en sus contradicciones. Y luego si está evaluado el anterior plan, pero a nivel interno en los servicios, están secretas las evaluaciones, ¿por qué los grupos de la oposición no tenemos esas evaluaciones del anterior plan?, si realmente se han hecho, si están hechas, pásennoslas, facilítennoslas. Esto es todo, de verdad, sainetes, sí, los hay muchos, señor Fernández, pero, claro, cuando no hay mucho que decir, empezamos con el ta, ta, ta, ta, ta, ta, ta, que al final ya uno se pierde con las cosas que dice, porque mezcla una verdad con cinco mentiras y ocho medio verdades, y así pues vamos funcionando, no pasa nada. En todo caso nosotros vamos a pedir transparencia y vamos a requerir comparencias cuando así lo entendemos oportuno, porque es nuestra función de oposición. Y, si no les gusta, pues les echan azúcar, ¿qué quiere que les diga? Cumplan ustedes con su obligación de dar explicaciones cuando sean requeridas, ni más ni menos.

¿Pero de verdad consideran justificable o insignificante el hacer una autocrítica, el haber demorado la elaboración y la tramitación del nuevo plan durante meses y meses para finalmente aducir una cuestión en urgencia que se pudo haber evitado? Tuvieron tiempo y tiempo para ir elaborando el plan, para pedir los informes, para hacer una exposición pública, no con el afán o presumiendo que esté mal el plan, pero que la gente pueda aportar. Es un elemento vivo que se puede cambiar cada día. Bueno, esto es una tomadura de pelo.

Y, en todo caso, señor Fernández, me voy a quedar con sus palabras. El informe...




el silencio administrativo es positivo. Bueno, vamos a solucionar temas de Arteixo que se han requerido desde hace tiempo y de otros ayuntamientos de la provincia de La Coruña. Hay que tener cuidado con las cosas que se dicen, porque una verdad repetida muchas veces, señor Fernández, una mentira repetida muchas veces no se convierte en una verdad, a su pesar, eh, a su pesar.

Les parece justificable, es que es de importancia no haber sometido el plan anterior a un proceso de evaluación y, si se está hecho ese proceso de evaluación, ¿por qué no nos lo han facilitado?, vuelvo a repetir. Es que es importante y relevante esta cuestión.

Y, realmente, ¿qué quiere que le diga, doña Avia? Ustedes quieren trasladar los debates de la Xunta de Galicia al Pleno de la Diputación. Pues ustedes, oiga, tienen una representación digna y relevante en el Parlamento de Galicia, pero, oiga, si tanto interés tiene en estar usted en el Pazo do Hórreo, pues en las siguientes fuerce, presione, vaya usted allí. Nosotros venimos hoy aquí a hablar de los temas de la provincia de La Coruña. El señor Fernández tiene tres diputados autonómicos de la provincia de La Coruña, usted es su Secretario general, algo de caso le harán. Presente usted las iniciativas, las dudas que tenga el Parlamento de Galicia y que se den las cuestiones y explicaciones oportunas allí. En la Xunta de Galicia, en el Parlamento de Galicia comparecen conselleiros cada dos por tres a solicitud de las comparecencias de los grupos de la oposición y no hay ningún problema en la gestión ordinaria. ¿Por qué hay algún problema aquí? ¿Por qué hay algún problema aquí en pedir la comparecencia de un diputado del Gobierno? Es que el problema de esta institución, no se ha pedido nunca porque no se ha estimado oportuno, pero en el reglamento existe esa posibilidad. Y, repito, la vamos a ejercer cada vez que nos parezca conveniente. Y le voy a decir más: ustedes en la tramitación de las subvenciones, como no puede ser de otra manera, son completamente exhaustivos y puntillosos. Para hacer o solicitar una subvención a la Diputación de La Coruña realmente tiene su complicación, es más, nosotros en algunos casos hemos pedido que se facilitase, de alguna manera, que se colaborase con las entidades para la solicitud de las mismas en la redacción, etc., porque luego, pues muchas ya los propios solicitantes renuncian o tal, y la justificación es compleja, es verdad, pero esa complejidad que hacen ustedes con los solicitantes de subvenciones se la aplican al solicitante, al usuario o al vecino de la provincia de La Coruña o la entidad, pero ustedes consigo mismos, el Gobierno provincial esquivo cualquier funcionamiento o uso legal o preceptivo.

Bueno, yo tengo aquí el informe de la... tampoco voy a entrar en muchas más cuestiones, simplemente voy a leer textualmente el informe de la Secretaria, por si queda duda de lo que dice el informe de la Secretaria, eh, está aquí, lo tengo revisado, y dice lo siguiente: "Como se dixo arriba, figura no expediente, unha solicitude de informe sobre a proposta do Plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial da Coruña 2020-2022 con data 6 de setembro do 2024 e dirixido á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 6.2 da Lei 5/2014, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, sen que conste ningunha contestación, polo que haberá que entender, en canto ao prazo de emisión do informe e os seus efectos, que serán de aplicación as previsións da dita lei, que establece que os informes han de ser solicitados previamente á aprobación do plan e emitidos no prazo de 3 meses –3 meses– e con redución do prazo á metade no caso de urxencia, con silencio desfavorable –desfavorable– e vinculante. Falta, pois, o preceptivo e vinculante informe requirido pola lei de referencia".

Esto no me lo invento yo, yo no soy habilitado nacional. Que yo sepa, en este Pleno, en este salón de plenos hay aquí dos habilitados nacionales, la señora Secretaria y el señor Interventor. Ninguno de los diputados, bueno, el Oficial, bien, ninguno de los



diputados aquí presentes lo somos. Yo tengo la suerte de compartir grupo municipal en Santiago con dos habilitados nacionales, el señor Vereza y la señora Baleato, que saben de lo que hablan. Nosotros estamos aquí para escucharles a ellos, son ellos los que nos tienen que iluminar en algún sentido en el cumplimiento de la ley. Esto es claro, no es interpretable, es claro. En consecuencia, hay que saber lo que se vota y cuándo se vota, o asumir las consecuencias de votar lo que a uno le dé la gana cuando a uno le dé la gana.

Nada más y muchas gracias. Eso sí, yo sé que el señor Presidente ha sido convocado hoy a La Estrada para una cuestión del operativo que ha estado en Valencia, lo cual se agradece a los miembros del Consorcio de Bomberos, como presidente del Consorcio. Es verdad que pudo haber ido él o pudo haber delegado en algún responsable que ha tratado profusamente y a lo largo de los últimos años este tema de los bomberos con otras administraciones. No está hoy aquí el señor Presidente porque no ha querido estar, porque la invitación es al Presidente o a la institución por la participación de los efectivos del Consorcio de Bomberos de la Diputación de La Coruña y el operativo de Valencia, lo cual aprovecho para agradecer a aquellos que han participado porque ha sido una actitud muy, muy destacable. Nada más y muchas gracias.

Sr. Presidente


Grazas, señor Ben. Non sei se o portavoz ou a deputada... O portavoz.

Sr. Fernández Piñeiro

Si, primeiro: Segue vostede nesa actitude de xerar unha realidade paralela na que os demais non vivimos. Primeiro, formula vostede xa na primeira intervención e na segunda a convocatoria dun Pleno extraordinario como se fose un drama. Parece que estamos aquí pouco máis que obrigados a punta de pistola, cando é un mecanismo, vostedes solicitan o Pleno, convócase. Di vostede: el presidente se negó a convocarlo. Está mentindo, o presidente... Non a secretaria xa lle explicou a vostede na Xunta de Voceiros que non convoca ela, convócase automaticamente. O presidente non puxo outra data por que?, porque sabe que, se pasan tantos días, queda automaticamente convocado. Pois é o que fixo, non tiñan interese.

Despois presenta vostede outra vez como outra dificultade e outro drama o feito de que nos parece que non queremos que haxa comparecencia dos deputados. Nós non dixemos tal cousa, en ningún momento, en ningún momento se negou ninguén explicitamente a dicir aquí que non queremos que os deputados comparezan. O que dixemos é que a resposta ás preguntas que vostedes querían con esa comparecencia xa estaban incluídas no informe, ademais de que os habilitados, aos que vostede utiliza dependendo do que lle interesa ou non, xa dixeron naquel Pleno que había que votar a urxencia. Polo tanto, non entendo cal é o problema. Son ganas de xerar un problema onde ninguén o ten e de dramatizar con algo que non ten ningún dramatismo, nin a convocatoria deste Pleno, nin que vostedes pidan a convocatoria ou comparecencia de ningún membro do Goberno. Nós non nos imos negar, nunca o facemos, non temos ningún inconveniente, pero loxicamente se a resposta xa estaba incluída no informe, iso é o que lles quixemos trasladar.

E despois pareceume escoitalle que lle dicía vostede á señora Veira que eles pretendían trasladar sempre os debates da Xunta á Deputación. Que lo diga usted... Le dijo la sartén al cazo! Vostedes, que do 100 por 100 de mocións que traen como moito o 2% teñen que ver con algo desta provincia, e todo o demais son cuestións do Estado, nin sequera do Estado, son cuestións das invencións que o seu partido en Madrid realiza con



temas que teñen que ver co Estado. Y que venga usted aquí a decir eso! Hai que ter jeta. Bueno, hai dúas, hai dous tipos, unha é esa, as que traen vostedes de cuestións que non teñen nada que ver con este Goberno nin coa Deputación nin con esta provincia, son temas do Goberno do Estado e da súa confrontación política alí, e outras que son peores que esas, coma esta que trae hoxe, que son froito da súa imaxinación. Queren imaxinar vostedes aquí hai un problema gravísimo, dicir que esto es malísimo porque se convoca el Pleno, no sé qué, que si la comisión, que si tal. É dicir, temos dous estilos pola súa parte ou dous modelos de temas que traen a este Pleno, poucos deles relacionados, desgraciadamente, co interese provincial e os intereses dos veciños e veciñas desta provincia.

Pero voulle aclarar unha cousa: primeiro, o Plan estratéxico de subvencións é un documento programático de carácter interno que non ten ningunha vinculación xurídica, imos empezar por aí. O señor Calvelo, que ten un, saberá tamén, e paréceme que o compañeiro da Baña dixo que tamén o tiña. Por tanto, iso é así, -de Vedra, perdón- iso é así, ninguén o discute.

E despois, claro, vostede, como dixen antes, tira do que din os habilitados dependendo de onde lle dea a sombra. Pero hai máis informes dos habilitados, e voulle ler o informe do habilitado que informou o primeiro Plan estratéxico de subvencións, que é calcado a este segundo, e di o seguinte: "Nesa Dirección figura no expediente unha solicitude de informe sobre a proposta do Plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial da Coruña 2020-2022, dirixida á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia con data do 5 de decembro de 2019, sen que conste ningunha contestación, polo que haberá que entender, en canto ao prazo de emisión do informe e os seus efectos, que serán de aplicación as previsións do artigo 80 da Lei de procedemento administrativo, que xa llo dixen antes. Polo tanto, se non hai resposta, enténdese que é favorable. Iso dío o habilitado que estaba aquí antes e que informou ese primeiro Plan estratéxico de subvencións. Hai máis informes de habilitados que lle vou ler. Outro máis deles... Ben, sabe vostede que as competencias das entidades locais distintas das propias e das atribuídas por delegación establece no seu punto 3, en particular, no se entenderá –no se entenderá– como exercicio de novas competencias a continuidade en la prestación de los servizos ya establecidos. Dicho lo cual, o Plan estratéxico de subvencións da Deputación da Coruña hai un informe do departamento que di, hai outro da Oficialía maior que tamén é habilitado, antes esqueceuse vostede pero recuperouno, que di o seguinte: "Polo que o informe solicitado non sería preceptivo se non estamos ante competencias novas. O apartado 3 b) do artigo 3 establece que non son novas competencias a continuidade da actividade de fomento xa establecida en servizos anteriores". E hai un informe da unidade xestora que di que non hai novas competencias, que se está dando continuidade a un plan estratéxico xa existente e informado. Polo tanto, non hai caso, señorías, acabouse. Mire vostede que rápido, en 5 minutos que nin me levou darlle esta explicación xa tería vostede a resposta e teríamos aforrando tempo e diñeiro. Pero non, por que?, porque non lles interesa a resposta. Por que?, porque vostede xoga nun plano que é o da irrealidade no que non estamos os demais. Entón é moi difícil; claro, se vostede fala de flores e ou de madalenas, pois loxicamente imos ter difícil que nos poidamos entender, imos ter dificultades para entendernos. Pero o que di vostede nada ten que ver coa realidade.

Por tanto, eu lamento que estean aquí por este tema, porque seguramente terían mellores cousas que facer, e todos e todas poderíamos dedicar o noso tempo a cuestións que teñen que ver coa realidade desta provincia e non coa imaxinación do Partido Popular que, polo que vemos, pois ten unha capacidade tremenda para xerar contidos e guiños.



Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Pois nada máis. Moitas grazas a todos polo debate tranquilo e sosegado e levántase a sesión.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 12:55 horas.